

**Praza número:** 20/7001

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Contrato Interino/a de Substitución

**Dedicación:** Tempo completo

**Área de coñecemento:** Didáctica da Lingua e da Literatura

**Departamento:** Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

**Docencia:** 652G02010 Lingua Castelá e a súa Didáctica

**Materias de Área**

**Centro:** Facultade de Ciencias da Educación

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante D./D<sup>a</sup>. **SANTIAGO DÍAZ LAGE**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
q6guFk jXZI4st jI25bHm1Q==	Asinado	22/09/2020 14:41:03
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	
Observacións	Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/q6guFk jXZI4st jI25bHm1Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/q6guFk jXZI4st jI25bHm1Q==</a>	

